

INFORMACIÓN RESUMIDA SOBRE A CONVOCATORIA DE ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN E ACTIVIDADES DE OCIO DURANTE O VERÁN 2025

1. QUENDAS E PREZOS:

	QUENDAS	Nº DÍAS	PRAZAS MÍN-MAX	PREZOS (en función renda familiar)	NACIDOS ENTRE	LUGAR
ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN (luns a venres excepto festivos, de 8:00 a 15:00 h)	23-30 de xuño	6	20-60	De 13'02 a 43'50 €	01/01/2013 a 31/12/2021	Instalac. municipais ou outras instalac. públicas
	1-15 de xullo	11	20-100	De 23'87 a 79'75 €		
	16-31 de xullo	11	20-100	De 23'87 a 79'75 €		
	1-15 de agosto	10	20-70	De 21'70 a 72'50 €		
	16-31 de agosto	10	20-70	De 21'70 a 72'50 €		
	1-5/9 setembro	5 a 7	20-60	De 10'85 a 50'75 €		
CAMP. INFANT.	Do 4 ao 12 de agosto	8 pernoct as	60	De 71'00 a 254'00 €	01/01/2009 a 31/12/2016	Albergue "A Tarela"-Porto do Son
CAMP. XUVENIL			30	De 82'00 a 293'00 €		

Aplicarase unha bonificación do **25%** na correspondente cota aos segundos e seguintes participantes pertencentes á mesma unidade familiar.

2. REQUISITOS PARA PARTICIPAR:

1. Para actividades de conciliación matinaís, ter nacido entre o 01/01/2013 e o 31/12/2021.
2. Para campamentos de pernocta, ter nacido entre o 01/01/2009 e o 31/12/2016.
3. Tanto as persoas solicitantes como os menores para os que se solicita a praza deben estar empadroados/as no Concello de Brión con anterioridade á convocatoria de prazas, coa única excepción dos menores participantes no programa "Vacaciones en Paz".

3. PRIORIDADE NO ACCESO:

- 1ª- Familias que acrediten necesidade de conciliar por razóns laborais ou formativas, ou, para un só dos responsables, por ter outras cargas (coidado doutros menores de 3 anos ou ser coidador/a recoñecido/a de persoa dependente en grado III).
- 2ª- Familias cuxos dous responsables acrediten documentalmente ser dependente con necesidade de coidados, e coidador/a recoñecido/a respectivamente.
- 3ª- Familias que acrediten circunstancias recollidas no "Plan Corresponsables 2025" (artigo 6 da Orde do 3 de xaneiro de 2025, da Secretaría Consellería de Política Social e Igualdade).
- 4ª- Orde de menor a maior Renda per Cápita.
- 5ª- Crearase unha lista de agarda ordenada por quendas.

4. CALENDARIO E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: dende a data da convocatoria pública ata o domingo **25 de maio ás 23:59**
- XEITO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:
 1. **Preferentemente:** Sede Electrónica do Concello (<https://sede.concellodebrion.org>)
 2. **Presencialmente:** no rexistro auxiliar do Centro Social Polivalente, de 9:00h a 14:00h
 3. **Por calquera dos medios** sinalados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5. DOCUMENTACIÓN:

- EN TODOS OS CASOS DEBERÁ PRESENTARSE:
 1. Solicitude cuberta e asinada polo/a solicitante (ANEXO I-na web)
 2. DNI da persoa solicitante
 3. Libro de familia ou partidas de nacemento dos/as menores para os/as que se solicita praza, e doutros descendentes convivintes que sexan dependentes economicamente da unidade familiar.
 4. Tarxeta sanitaria dos/as menores para os/as que se solicita praza
 5. Declaración do IRPF do 2023 ou, si non se tivera presentado, certificado negativo de facenda acompañado dos xustificantes de ingresos, de ambos responsables legais (pai e nai)
 6. Informe médico no caso de ser preciso por alerxias, tratamentos, necesidades especiais do/a menor participante, etc. Este informe non será necesario si xa se presentou para participar en concilia antroido ou concilia pascua 2025 e os responsables do/a menor consideran que continúa sendo válido e actualizado.
- PARA TER ACCESO PRIORITARIO (según as circunstancias particulares e a orde de prioridade establecida no punto 3):
 1. ANEXO II (na web) xustificativo de que as persoas solicitantes traballan ou realizan formación durante os días e horarios da quenda solicitada.
O anexo debe ser cuberto e asinado pola empresa contratante ou a entidade formadora. Tamén será válido o informe ou certificado propios da empresa ou entidade formadora, sempre que queden claramente reflexados os datos da persoa traballadora e a ocupación durante as datas e horarios concretos para os que solicita servizos de conciliación.
 2. Certificado de monoparentalidade
 3. Convenio Regulador
 4. Resolución de dependencia en grado III
 5. Certificado de discapacidade
 6. Xustificación da condición de vítima de VX

O Concello comprobará de oficio o empadramento e a convivencia da unidade familiar para cada solicitude.

6. ADXUDICACIÓN DAS PRAZAS E PAGOS:

- LISTADO PROVISIONAL: **ata o o 3 de xuño incluído.** Co listado provisional indicárase:
 - O prazo para a presentación de alegacións
 - O prazo para publicación do listado definitivo
- Co LISTADO DEFINITIVO indicárase o prazo para realizar o pagamento das taxas

As publicacións das resolucións provisional e definitiva levaranse a cabo unicamente co número do documento de identidade que as persoas solicitantes indicasen na solicitude e coas iniciais dos menores beneficiarios.

As datas de publicación dos listados tanto provisional como definitivos están condicionados á resolución da subvención solicitada á Xunta de Galicia ao través do "Plan Corresponsables"

● **PAGOS:** unha vez publicada a resolución definitiva, os solicitantes deberá facer efectivo o pagamento **da totalidade do importe de todos os servizos nos que obtivese praza** antes da data límite que se acordará e informará. O pago realizarase ao través dos seguintes medios:

Prioritariamente a través de transferencia bancaria, indicando o nome e DNI do solicitante, e no concepto: nome/s participante/s e quenda e/ou campamento que se abonan nunha das seguintes contas bancarias: .

- BANCO SABADELL: ES90 0081 2144 1200 0100 0606
- ABANCA: ES14 2080 0327 4731 1000 0016

Presencialmente, na Tesourería municipal, si ben se advirte que este medio de pago pudiera non ser válido para aquelas persoas que desexen solicitar posteriormente as axudas de conciliación que convoca a Xunta.

7. ANULACIÓNS, BAIXAS E DEVOLUCIÓN DE COTAS:

De cara a posibilitar a cobertura de prazas vacantes, as persoas solicitantes con praza confirmada que desexen solicitar baixas ou anulacións, deberán facelo á maior brevidade posible ao través da presentación do **ANEXO III** na sede electrónica do Concello ou presencialmente no rexistro auxiliar de Servizos Sociais.

As solicitudes de devolución de cotas serán atendidas únicamente si existe unha **razón documentada que xustifique a baixa ou anulación**.

En calquera caso, a xestión das devolucións de cotas será levada a cabo unha vez rematado o periodo completo das actividades.

NA PÁXINA WEB ATÓPASE O DOCUMENTO COMPLETO DE NORMAS DE PROCEDIMENTO PARA A SÚA CONSULTA

Teléfono de contacto: 981 50 99 10, de 9:00 a 14:00 de luns a venres

